

*ANEXO IV*  
Declaración de veracidade

Nome e apelidos:

DNI ou equivalente:

O abaixo asinante declara que son certos os datos que fai constar no currículo, así como toda a documentación xustificativa que se xunta á súa solicitude de avaliación ou informe para a prórroga ou adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora o profesor colaborador, asumindo no caso contrario as responsabilidades que puidesen derivar das inexactitudes que consten nestes documentos.

Santiago de Compostela, de de 2008.

Sinatura:

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 18 de abril de 2008 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas destinadas ao fomento en Galicia de sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos, e se convocan para o ano 2008.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 79, do 18 de abril de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 7.216, no artigo 3º, punto 5, da Orde do 18 de abril, onde di: «Unidade de traballo agrario: o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria.»; debe dicir: «Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria.».

En todo o texto da Orde do 18 de abril, onde di: «UTH»; debe dicir: «UTA».

Na páxina 7.218, no artigo 9º, punto 1, alínea g), da Orde do 18 de abril, onde di: «g) Explotacións en que, polo menos, o 50% dos reprodutores da explotación se atopen inscritos no libro xenealóxico correspondente das razas Rubia Galega, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Ovella Galega, Cabra Galega, Cabalo Pura Raza Galega, Galiña de Mos, 2 puntos», debe dicir: «g) Explotacións en que, polo menos, o 50% dos reprodutores da explotación se atopen inscritos no libro xenealóxico correspondente das razas Rubia Galega, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Ovella Galega, Cabra Galega, Cabalo Pura Raza Galega, Porco Celta, Galiña de Mos, 2 puntos».

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Orde do 23 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2008-2009, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións da poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 12.1º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, define os parques naturais como aquelas áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza dos seus sitios, da representatividade dos seus ecosistemas ou da singularidade da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente. Esta lei prevé a posibilidade do establecemento dun réxime de axudas para a poboación residente no espazo natural protexido ou na súa área de influencia socioeconómica. Desta maneira, xunto coa creación dun instrumento xurídico regulador da conservación da natureza, posibilitouse a creación dun instrumento financeiro orientado ao fomento daquelas actividades ou accións que melloren e promociónen as zonas incluídas nos espazos naturais para o incremento da calidade de vida dos moradores. Así mesmo, a recentemente aprobada Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, vén reproducir de xeito case literal, no seu artigo 30.1º, a definición de parque natural. Asemade, no seu artigo 5 establécese como deber dos poderes públicos a promoción da participación e das actividades que contribúan a acadar os obxectivos citados neste texto legal, así como a promoción das medidas fiscais de incentivación das iniciativas privadas de conservación da natureza e de desincentivación daquelas con incidencia negativa sobre a conservación da biodiversidade e o uso sustentable do patrimonio natural.

Ademais, esta orde serve como instrumento útil para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 30.2º da Lei 9/2001, que establece que a Xunta de Galicia propiciará o desenvolvemento de actividades tradicionais e fomentará outras compatibles coa conservación do espazo de que se trate, co obxecto de contribuír ás melloras da calidade de vida dos seus habitantes e ao desenvolvemento sustentable das áreas de influencia socioeconómica.

Na actualidade, na Comunidade Autónoma de Galicia existen seis parques naturais declarados: Baixa Limia-Serra do Xurés, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, O Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra. A superficie total dos parques naturais declarados en Galicia abrangue unha extensión de 40.661,76 ha.

Todos os parques naturais contan cos seus plans de ordenación dos recursos naturais, constituíndo estes instrumentos un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física.

Tanto nos diferentes decretos de declaración de parque natural como nos decretos de aprobación dos seus respectivos instrumentos de ordenación se establece a necesidade e a obriga de conservación dos valores naturais das zonas declaradas, garantir as finalidades de investigación e interpretación dos fenómenos naturais, a educación no coñecemento da natureza, así como o uso e desfrute por parte dos visitantes, entre outros. Do mesmo xeito, está prevista a creación de diferentes liñas de incentivación que permitan compatibilizar a preservación da biodiversidade, hábitats naturais, flora e fauna silvestres co necesario desenvolvemento das áreas declaradas.

A aplicación da pasada Orde do 5 de xullo de 2006, de carácter bianual e con vixencia para os anos 2006 e 2007, pola que se regulan as axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións da poboación local para o desenvolvemento sustentable dos parques naturais chegou ao seu fin, polo que cómpre a aprobación dunha nova orde que manteña a continuidade dos fins e obxectivos que motivaron a creación da liña de axudas. Estes obxectivos deben ser adaptados á nova lexislación en materia de subvencións na comunidade autónoma de Galicia para dar cumprimento aos preceptos da recente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A devandita lei vén recoller e desenvolver os preceptos sinalados na lexislación básica do estado pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, ademais de derrogar expresamente os artigos 78, 79 e a disposición adicional cuarta do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Tamén se derroga, entre outros, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas de Galicia en todo o que se opoña ao novo marco legislativo en materia de subvencións. Deste xeito, establécese unha regulación congruente coas peculiaridades da organización da Administración na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus mecanismos de financiamento, coa intención de impulsar unha xestión eficaz e eficiente dos recursos ao tempo que se afonda na salvagarda do interese público.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o establecido no artigo 11º do Decreto 235/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, ademais do Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Xunta de Galicia a que corresponde o exercicio das competencias e funcións que, en materia de conservación da natureza, se establecen nos artigos 27.12º, 15º e 30º, así como no artigo 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, e demais normativa de aplicación, en especial sobre protección ambiental de Galicia.

En virtude do exposto e no uso das facultades que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto das axudas.*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas no ámbito dos parques naturais encamiñadas á realización de accións que con-

tribúan á protección e conservación dos recursos naturais, ao incremento de benestar dos habitantes dos parques naturais e ás súas áreas de influencia, a través de accións de apoio e fomento do desenvolvemento socioeconómico sustentable e á mellora da calidade de vida das poboacións locais.

2. As axudas previstas nesta orde outorgaranse de conformidade cos criterios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, atendéndose a criterios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e á eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos segundo o establecido no artigo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Artigo 2º.-*Actividades subvencionables.*

1. Son actividades obxecto das axudas reguladas por esta orde as seguintes accións, segundo a seguinte clasificación:

Grupo I: conservación e recuperación das paisaxes rurais e a biodiversidade:

I.1. Recuperación das paisaxes agrarias tradicionais e mellora e mantemento das infraestruturas rurais tradicionais e asociadas.

I.2. Accións encamiñadas á conservación das poboacións de especies protexidas, defensa, restauración e mellora de hábitats. Recuperación de soutos, fragas e outras masas autóctonas arborizadas.

I.3. Corrección de impactos na paisaxe.

Grupo II: mellora da calidade de vida e desenvolvemento sustentable nos parques naturais e a súa área de influencia.

II.1. mellora da paisaxe nos núcleos rurais, promovendo a tipoloxía tradicional con substitución de elementos alleos, así como apoio ao desenvolvemento sustentable das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais.

II.2. Busca de novas producións artesanais, recuperacións e melloras das actuais para acadar unha etiqueta de calidade de produtos referencia do parque natural.

Grupo III: fomento do uso público, promoción, educación e investigación:

III.1. Actividades de educación ambiental e edición de material pedagóxico promovendo a formación e o fomento da sensibilización ambiental.

III.2. Creación e mellora de infraestruturas de uso público e de acollida ao visitante tales como rutas, áreas recreativas, zonas de espaxamento e outras de similar natureza.

III.3. Accións de fomento e ordenación da riqueza cinexética e piscícola.

2. Non se subvencionarán os gastos de adquisición de edificios nin terreos, nin os gastos xerais de funcionamento ou equipamento dos solicitantes, senón os propios do desenvolvemento das actividades e actuacións obxecto das axudas.

3. Todas as accións, obras ou traballos deberán atoparse situados dentro do perímetro do parque natural ou da zona de influencia socioeconómica, priorizándose as accións que se realicen dentro do perímetro do parque sobre aquelas outras que estean fóra.

Artigo 3º.-*Contía das subvencións.*

1. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible subvencionará os investimentos que se efectúen ata un máximo de 18.000 euros por proxecto e un proxecto por beneficiario.

2. O importe máximo subvencionable será do 75% do custo da obra ou acción.

3. O IVE non será subvencionable na medida en que sexa recuperable da Facenda pública. A porcentaxe definitiva da subvención fixarase de acordo cos criterios sinalados no artigo 8º.

4. Os prezos máximos que se aplicarán para valorar as accións son os establecidos no anexo V.

5. Ao abeiro do disposto no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o gasto subvencionable supere os 30.000 €, no caso de obras, ou 12.000 € no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o solicitante deberá achegar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou agás que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde:

a) As persoas físicas que residan e/ou que sexan propietarios de terreos nalgunha das parroquias total ou parcialmente incluídas no parque natural; titulares, propietarios ou arrendatarios de explotacións agrarias, gandeiras ou forestais situadas dentro do parque natural. Tamén poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares dos dereitos referidos na zona de influencia socioeconómica, segundo as dispoñibilidades orzamentarias. Para os efectos desta orde, enténdese por zona de influencia socioeconómica todo aquel municipio que teña toda ou parte da súa superficie dentro dun parque natural.

b) As comunidades de montes veciñais en man común situadas total ou parcialmente no parque natural, legalmente constituídas e inscritas no rexistro xeral existente para o efecto.

c) As asociacións con sede social ou, como mínimo, co 50% dos socios con residencia nalgún dos concellos onde se sitúe o parque natural, o que deberá xustificarse documentalmente.

d) As empresas que teñan o seu domicilio fiscal nalgún dos municipios en que se sitúe o parque natural constituídas con anterioridade á publicación desta orde, priorizándose aquelas con domicilio fiscal dentro do parque natural.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias

previstas nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de subvención dirixiranse á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e presentaranse debidamente asinadas, no modelo que figura como anexo I, en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Este modelo de solicitude estará á disposición dos interesados en calquera das delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, así como na Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Consonte o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados, requirirase ao interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Artigo 6º.-*Documentación para presentar coa solicitude.*

1. Os interesados en obter estas axudas deberán achegar a seguinte documentación por duplicado:

1.1. Para todo interesado:

a) Copia do DNI ou NIF compulsada, do solicitante e, se procede, acreditación da representación do solicitante por calquera medio válido en dereito, de acordo co disposto no artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) Certificado de empadramento.

c) Certificación bancaria orixinal.

d) Copia do anteprojecto ou memoria técnica asinado polo técnico competente xustificativa das accións, que conterà, como mínimo, a descrición dos traballos e actividades, planos de situación e detalle, orzamento polo miúdo e co IVE desagregado, calendario e prazo aproximado de execución.

e) Autorizacións ou permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para esta mesma finalidade, polas distintas administracións públicas.

1.2. Deberase achegar, ademais, a seguinte documentación complementaria, dependendo da natureza do beneficiario:

a) Acreditación da titularidade dos predios ou certificación do titular para a súa dispoñibilidade.

b) No caso de arrendatarios, documento que acredite esta condición.

c) No caso de montes veciñais en man común, certificación do acordo da asemblea xeral conforme autoriza a xunta reitora para solicitar axudas e certificado da

Sección Provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común de posuír os estatutos en regra, figurando a composición da xunta reitora actualizada consonte os parámetros da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da antedita lei.

d) No caso de asociacións, acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar axudas á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, certificación de estar inscrito no Rexistro de Asociacións e certificación do concello ou documento semellante que acredite que máis do 50% dos socios reside nalgún dos concellos do parque natural.

e) No caso de empresas ou autónomos:

-Documento acreditativo que xustifique estar de alta no IAE, cando proceda. No caso de que non proceda, certificado do concello conforme realiza a súa actividade no parque natural correspondente.

-Acreditación de posuír a sede social nalgún municipio do parque natural correspondente.

f) No suposto de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varios copropietarios, deberá presentar:

-Acreditación da titularidade do terreo de cada propietario.

-Documento que acredite o consentimento de todos os copropietarios.

-Representación do solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.

g) Se a construción está catalogada pola Dirección Xeral de Patrimonio, deberán presentar autorización por parte desa dirección xeral da dispoñibilidade para realizar as obras solicitadas.

2. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza poderá requirir motivadamente, consonte prevé o artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, calquera documentación aclaratoria necesaria en relación coas subvencións que se van outorgar.

3. A presentación da solicitud de concesión da axuda ou subvención polo interesado segundo o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o requirido nas correspondentes bases reguladoras. A dita comprobación efectuarase tanto antes de ditar a resolución da concesión como na tramitación do pagamento. En todo caso, o solicitante deberá de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, segundo o modelo que figura no anexo VIII.

Artigo 7º.-*Tramitación.*

Os servizos provinciais de Conservación da Natureza, logo de valoración da xunta consultiva do parque natural, e no prazo máximo de corenta e cinco días, emitirán un informe en que se determine o alcance e contido das repercusións ambientais da acción ou proxecto, a complementariedade e inte-

gración do proxecto e actuación solicitada coas previstas no Plan de ordenación dos parques naturais, da incidencia no desenvolvemento sustentable do parque natural e a súa contorna e das accións realizadas na zona de influencia socioeconómica. Neste informe valoraranse especialmente a incidencia das accións nos hábitats, na flora e na fauna, a repercusión sobre o emprego na contorna do parque natural e no fomento do turismo sustentable.

Artigo 8º.-*Criterios xerais de valoración.*

Os criterios de avaliación de proxectos serán os seguintes:

Criterios de avaliación das actividades subvencionables		Puntos
1 a) Cando se trate de actividades de educación ambiental e edición de material pedagóxico, investigación, estudos, inventarios e publicacións, divulgación, difusión e promoción dos valores naturais e patrimoniais do espazo, accións encamiñadas á formación e ao fomento da sensibilización ambiental, intercambio de experiencias e colaboración.	Ben en función do interese xeral e social do proxecto ou actividade, ben segundo os beneficios ambientais que poidan obterse ou o número de beneficiarios receptores da axuda ou do nivel de sustentabilidade e mellora da calidade de vida que se vai acadar coas accións propostas	Ata 14 puntos
	Emprego da lingua galega nas accións	Ata 1 punto
1 b) No resto das accións.	Ben en función do interese xeral e social do proxecto ou actividade, ben segundo os beneficios ambientais que poidan obterse ou o número de beneficiarios receptores da axuda ou do nivel de sustentabilidade e mellora da calidade de vida que se vai acadar coas accións propostas	Ata 15 puntos
2. Consonte cos obxectivos sinalados para cada un dos grupos subvencionables.	Grupo I	Ata 30 puntos
	Grupo II	Ata 20 puntos
	Grupo III	Ata 10 puntos
3. Consonte o ámbito territorial de aplicación, se a acción proposta está:	Dentro do territorio do parque natural	15 puntos
	Fóra do parque natural pero no ámbito xeográfico de parroquias con territorio incluído total ou parcialmente no parque natural	10 puntos
4. Consonte a residencia ou titularidade dos terreos	Se o solicitante é residente ou propietario dos terreos dentro do parque natural	15 puntos
	Se o solicitante é residente nalgunha das parroquias con territorio incluído total ou parcialmente no parque natural	10 puntos

Artigo 9º.-*Baremación.*

1. As axudas solicitadas serán baremadas segundo os criterios xerais de valoración establecidos no artigo 8º desta orde e unicamente se terán en conta aquelas que acaden unha puntuación igual ou superior a 35 puntos.

2. A puntuación máxima que poderán acadar os solicitantes da axuda é de 75 puntos. As accións que se aproben serán subvencionadas nunha porcentaxe igual ao número de puntos que obtivesen na baremación.

3. A dispoñibilidade orzamentaria asignada a esta convocatoria limitará o número de expedientes que se van aprobar. Neste senso, ordenaranse os investimentos solicitados de acordo cos criterios do baremo indicado, aprobándose estes investimentos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento.

4. As delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, tras a consulta previa aos seus respectivos servizos provinciais de Conservación da Natureza e ao órgano correspondente da xunta consultiva do parque, pro-

cederán a avaliar e propoñer unha baremación das solicitudes presentadas en cada parque natural.

5. Unha vez recibidos estes informes na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, procederase á súa baremación definitiva por unha comisión de valoración composta polo director xeral de Conservación da Natureza, que a presidirá. Ademais, serán membros da citada comisión o titular da subdirección xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade e os titulares das xefaturas do Servizo e Sección de Conservación de Espazos Naturais. Este último actuará como secretario. Auxiliará o secretario un/unha funcionario da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, designado para o efecto polo seu titular.

Se algún dos membros da comisión non puider participar nunha sesión, por calquera causa, será substituído por un funcionario ou funcionaria da dirección xeral para o efecto designado polo seu titular.

#### Artigo 10º.-*Distribución do crédito.*

1. A distribución do crédito dispoñible realizarase entre os distintos parques naturais da comunidade, segundo criterios de superficie e poboación residente e, nun segundo termo, segundo a poboación da área de influencia. A devandita distribución axustarase ás porcentaxes da táboa:

Parque natural	Porcentaxe
Fragas do Eume	26,27
Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	10,79
Enciña da Lastra	13,29
Invernadeiro	7,18
Monte Aloia	0,94
Baixa Limia-Serra do Xurés	41,53
TOTAL	100

2. Se nalgún dos parques non se esgotar o crédito, este será repartido entre os outros parques.

#### Artigo 11º.-*Inspección previa.*

En todas as solicitudes consideradas subvencionables, o persoal técnico do Servizo Provincial de Conservación da Natureza que corresponda realizará unha inspección previa, na cal observará se a acción ou proxecto se axustan á realidade física e económica.

#### Artigo 12º.-*Resolución das solicitudes de axudas.*

1. As solicitudes de axudas serán resoltas polo director xeral de Conservación da Natureza, quen resolverá por delegación do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

2. O prazo máximo para resolver será de seis meses, que comezarán a contar desde o mesmo día da publicación da convocatoria. Consonte o establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se ditase a resolución expresa, os solicitantes deberán entender desestimada a súa solicitude nos termos previstos no artigo 43.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992; sen prexuízo da obriga legal de resol-

ver expresamente de acordo co disposto no artigo 42.1º do mencionado texto legal.

3. A resolución do director xeral de Conservación da Natureza porá fin á vía administrativa, polo que procederá a interposición do recurso de reposición perante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnar directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución foi expresa, ou seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 16/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Na resolución de concesión da subvención, o director xeral de Conservación da Natureza poderá formular directrices previamente determinadas ou establecer condicións para a execución dos investimentos, con motivo dun mellor cumprimento do fin da subvención e da adecuación aos obxectivos de conservación do espazo natural.

5. Para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permitirase a subcontratación total ou parcial da actividade obxecto da subvención, agás cando, aumentando o custo da actividade subvencionada, non achegue valor engadido ao seu contido.

6. Así mesmo, as resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependentes da Consellería de Economía e Facenda co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionable en Galicia. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado. No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

#### Artigo 13º.-*Aceptación.*

O beneficiario, dentro dos dez días seguintes á notificación da resolución de concesión, deberalle notificar, pola súa vez, á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a aceptación da subvención concedida nos termos sinalados na resolución (anexo III). Se así non o fixer no indicado prazo, entenderase que renuncia a esta.

#### Artigo 14º.-*Publicidade da resolución.*

1.-Deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas cando o importe delas individualmente consideradas sexa igual ou superior aos 3.000 €. Para as de contía inferior, a relación das concedidas e denegadas farase pública a través da páxina web da consellería, nos termos establecidos no artigo 13 puntos 3º e 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e tamén as sancións que se puider impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. Así mesmo, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa exigencia de publicidade da axuda concedida ao abeiro do disposto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15º.-*Requisitos.*

1. As obras obxecto de subvención deberán axustarse á lexislación vixente e, en particular, aos instrumentos de planificación e xestión dos parques naturais en cuestión. Neste mesmo senso, o interesado deberá contar no momento do inicio coas licenzas e autorizacións preceptivas.

2. A finalidade ou función da actividade ou obra deberá manterse durante un prazo mínimo de 10 anos, cando proceda.

3. Os investimentos obxecto de subvención de carácter anual deberán realizarse no prazo que se indique na resolución de adxudicación. Excepcionalmente, o director xeral de Conservación da Natureza poderá conceder, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, unha prórroga que non poderá exceder a metade do prazo concedido, de conformidade co disposto no artigo 49.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Como data máxima para a xustificación dos investimentos establécese o día 1 de novembro para o ano 2008 e o 30 de setembro para o ano 2009.

4. Os beneficiarios deberán colocar no lugar onde se realicen as obras un cartel ou placa resistente á intemperie que indique que a obra se está a levar a cabo cunha subvención da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, cos respectivos anagramas conforme o anexo VI.

O cartel será por conta do beneficiario e, unha vez rematada a obra, deberá permanecer en lugar visible por un prazo non inferior a un ano. Posteriormente, será retirado polo beneficiario.

5. De acordo co disposto nos artigos 37, 38 e 39 do Regulamento 1257/1999, do 17 de maio, do consello, e consonte o preceptuado no artigo 14.1º p) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas recollidas nesta orde serán compatibles con calquera outra destinada aos mesmos fins, sempre que o total das subvencións non supere o custo total do investimento solicitado.

#### Artigo 16º.-*Xustificación do gasto e aboamento.*

1. As delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través dos servizos provinciais de Conservación da Natureza, deberán certificar, na inspección final, que os investimentos se realizaron de acordo coa resolución aprobada.

2. No momento de xustificación da execución total ou parcial do proxecto, con anterioridade ao pagamento, o beneficiario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

3. A xustificación dos investimentos obxecto da axuda deberase realizar mediante facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, o contratista deberá incluír na factura o número de conta bancaria en que o beneficiario da subvención realizará o ingreso.

Ademais, o beneficiario deberá presentar xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que incorreu mediante copia da transferencia bancaria ou xustificante bancario de ingreso na conta do contratista que figura na factura. Tamén se admitirán os medios de xustificación previstos no antedito artigo 28 da Lei 9/2007.

No caso de subvención concedida para edición de material pedagóxico, estudos, inventarios e publicacións, o beneficiario deberá presentar tres exemplares do material editado e máis tres copias do mesmo en formato dixital.

#### Artigo 17º.-*Pagamento de subvencións.*

1. A tramitación do pagamento das axudas realizárase tras a inspección previa do persoal técnico dos servizos provinciais de Conservación da Natureza e emisión da certificación correspondente, unha vez cumpridos todos os requisitos establecidos na presente orde.

2. En todo caso, a realización do pagamento das subvencións incluídas na presente orde respectará os preceptos dos artigos 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podéndose realizar pagamentos parciais que se realizarán de acordo co disposto ao respecto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 18º.-*Control.*

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza poderá realizar as actuacións de inspección e control necesarias para garantir o cumprimento do establecido na presente orde, así como a comprobación dos investimentos realizados, podendo requirirse aos beneficiarios toda a documentación e información que sexa solicitada en cada momento relativa á actividade obxecto da subvención concedida.

#### Artigo 19º.-*Modificación.*

No caso de que o beneficiario pretenda realizar algunha modificación que afecte a natureza do investimento inicialmente previsto, deberá solicitalo previamente á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que só autorizará aquelas que non desvirtúen o obxecto da acción subvencionada.

#### Artigo 20º.-*Revogación.*

1. Son causas de revogación:

a) O destino das axudas concedidas a un financiamento diferente daquel para o que foron concedidas, logo da súa comprobación.

b) A non realización da obra ou traballos obxecto da subvención.

c) A non presentación ou presentación fóra do prazo de calquera documentación requirida en calquera momento da tramitación.

d) A existencia de modificacións das accións previstas de forma que desvirtúen os obxectivos descritos na presente orde.

e) A ocultación, a manipulación, o falseamento de datos ou o entorpecemento de forma deliberada do labor de inspección e control.

f) A perda de titularidade dos terreos ou a perda de personalidade xurídica das empresas ou asociacións, se o novo titular non se subrogase expresamente.

g) O incumprimento polo beneficiario de calquera das obrigas establecidas nesta orde, no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable nesta materia.

h) O incumprimento de calquera dos prazos establecidos nesta orde.

i) O incumprimento de calquera das disposicións legais vixentes.

2. O incumprimento total ou parcial das obrigas asumidas polo beneficiario levará consigo o reintegro, total ou parcial, do importe recibido, xunto cos xuros de demora, ao abeiro do establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sen prexuízo da posibilidade de incoación do correspondente expediente sancionador.

#### Artigo 21º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza poidan exixir durante a tramitación do procedemento, os beneficiarios das axudas previstas nesta orde teñen obriga, conforme os artigos 42º e 45º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

#### Artigo 22º.-Aplicacións orzamentarias.

1. As axudas reguladas na presente orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 15.02.541-B.780.0 e 15.02.541-B.770.0 (axudas para medidas compensatorias no contorno dos espazos naturais protexidos) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e 2009, e coas dotacións iniciais que se indican na seguinte táboa:

Ano	€ na aplicación 15.02.541-B. 770.0	€ na aplicación 15.02.541-B. 780.0	Total
2008	210.000 €	420.000 €	630.000 €
2009	210.000 €	420.000 €	630.000 €
Total	420.000 €	840.000 €	1.260.000 €

2. Estas dotacións orzamentarias poderán incrementarse en función das disponibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións.

3. Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determina na presente orde sen que se leve a efecto unha nova convocatoria, agás

que o incremento do crédito veña producido polas seguintes circunstancias:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

4. No caso de que as axudas se concedan para máis dun exercicio orzamentario, o prazo para a finalización e xustificación das actuacións será o indicado na resolución da concesión.

#### Artigo 23º.-Infraccións e sancións.

Aos beneficiarios seralles de aplicación, nos seus propios termos, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poderá reproducir, almacenar e distribuír por calquera medio, electrónico, en soporte papel ou outros semellantes, a información obtida e os traballos subvencionados mediante a presente orde de convocatoria de axudas, citando as fontes dos titulares dos dereitos da propiedade intelectual, respectando, en todo caso, as prescricións contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segunda.- No caso de que, atendidas as solicitudes presentadas nesta convocatoria, haxa un remanente de crédito, poderase reabrir o prazo, tantas veces como se coide oportuno, ata esgotar a consignación orzamentaria, por orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*, para a presentación de novas solicitudes.

Terceira.- Delégase no director xeral de Conservación da Natureza o exercicio da competencia para resolver as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 12.1º, conforme o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2008.

Manuel Vázquez Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E  
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE AXUDAS EN MATERIA DE CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E FOMENTO DE ACCIÓNS DA POBOACIÓN LOCAL PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DOS PARQUES NATURAIS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MA755A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

<b>TIPO DE SOLICITANTE</b>					
<input type="checkbox"/> PROPIETARIOS OU RESIDENTES <input type="checkbox"/> ASOCIACIÓNS / AGRUPACIÓNS <input type="checkbox"/> ARRENDATARIOS DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, GANDEIRAS OU FORESTAIS			<input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN <input type="checkbox"/> EMPRESAS <input type="checkbox"/> TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, GANDEIRAS OU FORESTAIS		
NOME					CIF/NIF
[ ]					[ ]
ENDEREZO		PARROQUIA		PROVINCIA	
[ ]		[ ]		[ ]	
LOCALIDADE	PARQUE NATURAL	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

DON/DONA					CIF/NIF
[ ]					[ ]
ENDEREZO		PARROQUIA		PROVINCIA	
[ ]		[ ]		[ ]	
LOCALIDADE	PARQUE NATURAL	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	

## DENOMINACIÓN E ORZAMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

[ ]
-----

## DESCRIPCIÓN SINTÉTICA DA ACTUACIÓN

[ ]
-----

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 23 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2008-2009, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións da poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [ ] REVISADO E CONFORME [ ]	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
		DATA DE ENTRADA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSONA QUE O REPRESENTA  _____, de _____ de _____		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____



**OBXECTO DA SOLICITUDE****Grupo I: conservación e recuperación das paisaxes rurais e a biodiversidade:**

- Accións encamiñadas á conservación das poboacións de especies protexidas, defensa, restauración e mellora de hábitats.
- Corrección de impactos ambientais e paisaxísticos.
- Recuperación das paisaxes agrarias tradicionais e as súas infraestruturas asociadas.
- Recuperación de soutos, fragas e outras masas autóctonas arborizadas.

**Grupo II: fomento do desenvolvemento sustentable e mellora da calidade de vida:**

- Accións de mellora das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais que se axusten aos contidos dos instrumentos de planificación e xestión do parque natural.
- Mellora e mantemento das infraestruturas rurais tradicionais.
- Accións de recuperación de elementos de carácter arquitectónico civil, cultural e etnográfico. Nesta liña será subvencionable o seu acondicionamento exterior e a substitución de elementos ou materiais alleos á tipoloxía rural da zona, sempre e cando estes presenten unha antigüidade igual ou superior aos quince anos.
- Axudas ás producións artesanais dentro das áreas de influencia socioeconómica.

**Grupo III: fomento do uso público, promoción, educación e investigación:**

- Actividades de educación ambiental e edición de material pedagóxico.
- Creación e mellora de infraestruturas de uso público e de acollida ao visitante tales como creación de rutas, áreas recreativas, zonas de espaxemento e outras de similar natureza.
- Accións de fomento e ordenación da riqueza cinxética e piscícola.
- Accións encamiñadas á formación e ao fomento da sensibilización ambiental.

**ANEXO II****DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA****1.- PARA TODO TIPO DE SOLICITANTE**

- a) Fotocopia do DNI ou CIF compulsado. Acreditación de representación, se procede.
- b) Certificación bancaria orixinal.
- c) Dúas copias de anteproxecto ou memoria asinado por técnico competente (deberán conter, como mínimo, a descrición dos traballos ou actividades, planos de situación e detalle, orzamento detallado, calendario e prazo aproximado de execución).
- d) Certificado de empadramento.
- e) Documentación, autorizacións e permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude.
- f) Solicitude orixinal asinada.
- g) Documentación sobre axudas públicas ou privadas concedidas ou solicitadas que sexan concorrentes na solicitude presentada.
- h) Declaración xurada.

**2. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA SEGUNDO A NATUREZA DO SOLICITANTE**

- Acreditación da titularidade dos predios ou certificación do titular para a súa dispoñibilidade.
- No caso de arrendatarios, documento que acredite a condición.
- No caso de montes veciñais en man común,
  - Certificación de acordo da asemblea xeral conforme autoriza a xunta reitora para solicitar axudas.
  - Certificado do Rexistro provincial de montes veciñais en man común de posuír os estatutos en regra, figurando a composición da xunta reitora actualizada.
- No caso de asociacións:
  - a) Acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar axudas á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
  - b) Certificación de estar inscrito no Rexistro de asociacións.
  - c) Certificación do concello ou semellante que acredite que máis do 50% dos socios reside nalgún concello do parque natural.
- No caso de agrupacións: escrito de constitución da agrupación en que figuren todos os membros cos datos completos: nome, DNI, enderezo e representante legal elixido.
- No caso de empresas ou autónomos:
  - a) Documento acreditativo que xustifique estar de alta no IAE, cando proceda. No caso de que non proceda, certificado do concello conforme realiza a súa actividade no parque natural correspondente.
  - b) Acreditación de posuír a sede social nalgún municipio do parque natural correspondente.
- No suposto de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varios copropietarios, deberá presentar:
  - a) Acreditación da titularidade do terreo de cada propietario.
  - b) Documento que acredite o consentimento de todos os copropietarios.
  - c) Representación do solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.
- Se a construción está catalogada pola Dirección Xeral de Patrimonio, autorización por parte desa dirección xeral de dispoñibilidade para realizar as obras solicitadas.

**CERTIFICACIÓN BANCARIA**

NOME OU RAZÓN SOCIAL [ ]		NIF/CIF [ ]	
ENDEREZO: RÚA OU PRAZA, PARROQUIA E LUGAR [ ]			
PROVINCIA [ ]	CONCELLO [ ]		CÓDIGO POSTAL [ ]
CÓDIGO BANCO [ ]	CÓDIGO SUCURSAL [ ]	DÍXITOS CONTROL [ ]	NÚMERO CONTA [ ]
ENTIDADE BANCARIA [ ]		ENDEREZO: RÚA OU PRAZA, CONCELLO, PROVINCIA [ ]	
TITULAR DA CONTA [ ]			NIF/CIF [ ]

*DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA*

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/Dona	[ ]	con DNI	[ ]
e enderezo na rúa:	[ ]		
concello:	[ ]	provincia	[ ]
<b>DECLARA BAIXO XURAMENTO</b>			
Que reúne os requisitos exixidos pola presente orde.			
Que son certos os datos que figuran na súa solicitude.			
Que se compromete, en caso de que se lle conceda, a cumprir as condicións xerais establecidas na dita orde e nas particulares establecidas na resolución da concesión.			
Que, en caso de incumprimento dalgunha das condicións, se compromete a reintegrar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a cantidade percibida, sen prexuízo da aplicación da normativa que, se é o caso, proceda.			
_____, de _____ de _____			
O solicitante			
Asdo.:			

*DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA*

## ANEXO III

## COMPROMISO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

Don/Dona/Entidade/Asociación/Empresa

con DNI

**Acepta** a subvención que por importe de  € lle foi concedida ao amparo da Orde do \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2008 pola que se regulan axudas en materia de conservación dos recursos naturais e fomento de accións da poboación local para o desenvolvemento sustentable dos parques naturais. Achégase ao presente compromiso o proxecto correspondente realizado polo técnico competente.

Para a realización da subvención

Número expediente:

E expresa o seu **COMPROMISO** de executalo.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

## ANEXO IV

## AUTORIZACIÓN

**AUTORIZO:**

O director xeral de Conservación da Natureza para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

**Nome e apelidos do solicitante:**

**NIF:**

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

*ANEXO V*

Prezos máximos que se aplicarán para valorar as accións executadas polo beneficiarios polos seus propios medios:

-Roza manual de terreos: 1.000 € por hectárea.

-Roza con maquinaria: 360 € por hectárea.

-Buratos manuais para plantacións: 0,90 € por burato.

A estes prezos aplicaráselles a porcentaxe que proceda de acordo coa valoración lograda na fase de valoración.

*ANEXO VI*

Cartel de publicidade das obras



FONDO AZUL XUNTA  
(Pantone process Cyan C)

PROXECTO SUBVENCIONADO AO ABEIRO DA ORDE POLA QUE SE REGULAN AXUDAS EN MATERIA DE CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E FOMENTO DE ACCIÓNS DA POBOACIÓN LOCAL PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DOS PARQUES NATURAIS.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO:

Letras negras (Pantone process black)

Fondo branco

*ANEXO VII**AUTORIZO:*

O director xeral de Conservación da Natureza, para que, conforme o disposto nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orden no *Diario Oficial de Galicia*, na

súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

Nome e apelidos do solicitante:

NIF:

..., ... de... de 2008.

Asdo.:

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

## ANEXO VIII

## DECLARACIÓN DE AXUDAS DE MINIMIS

D/Dª. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ e  
 enderezo na rúa: \_\_\_\_\_, concello: \_\_\_\_\_  
 Provincia: \_\_\_\_\_

En representación de. \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_ e  
 enderezo social na rúa: \_\_\_\_\_,  
 concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

## DECLARA

Que NON obtivo ningún tipo de axuda das administracións públicas españolas ou comunitarias suxeitas ao rexime *de minimis* dos últimos tres anos

Que SI obtivo as seguintes axudas das administracións públicas españolas ou comunitarias suxeitas ao rexime *de minimis* dos últimos tres anos

ORGANISMO CONCEDENTE	OBJECTO DA AXUDA	IMPORTE DA AXUDA
TOTAL		

..... de..... de 2008.

## O SOLICITANTE

Asdo.:

**ACADEMIA GALEGA  
 DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*Resolución do 23 de abril de 2008 pola que se convoca un curso sobre fotografía dixital, que se desenvolverá a través da internet.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2008, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a realización dun curso sobre fotografía dixital, que se desenvolverá a través da internet, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

**Obxectivos.**

-Dotar o persoal dos corpos de seguridade dos coñecementos fundamentais para levar a cabo as tarefas máis importantes no campo da fotografía dixital aplicada á función policial, especialmente aos atestados por accidentes de tráfico.

**Destinatarios.**

Persoal das forzas e corpos de seguridade en xeral, terán preferencia os das policía locais e da policía autonómica.

**Inscrición.**

A inscrición dos participantes será totalmente gra-tuíta.

**Prazas e selección**

Ata 50 prazas, que serán outorgadas por rigorosa orde de entrada de solicitudes, terán en conta o dis-posto na alínea de destinatarios.

**Solicitudes.**

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo, ou o for-mulario de inscrición que estará operativo na páxina web da academia, deberá indicar unha conta de correo electrónico.